



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



Número 120/2018

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA O PROGRAMA DO CENTRO DE DÍA Á INFANCIA NO "FOGAR EMILIO ROMAY"**

Na Coruña, o 20 decembro de 2018 na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación da Provincial da Coruña

Doutra parte, Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde do Concello de Culleredo, polas competencias que lle confire a Ley 7/1985, das Bases do Réxime Local, e a 5/1997 da Administración Local de Galicia.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos, e na representación que ostentan, ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente capacidade suficiente para subscribir o presente Convenio de colaboración, a cuxos efectos

**EXPOÑEN**

Primeiro.

A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse a Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Segundo.

De acordo á normativa autonómica, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios enmarca os centros de día como un recurso dos programas de Educación e Apoio familiar municipal dos servizos sociais comunitarios. O mesmo Decreto regula como función dos servizos sociais comunitarios específicos e en relación á Lei 13/2008, a xestión de centros de día destinados á primeira infancia para a conciliación da vida laboral e familiar (art. 26. f.) e a atención a menores en situación de risco social, mediante equipamentos e programas orientados a súa atención psicosocial e educativa (art. 26. h.)

A Lei 3/2007, do 22 de marzo, de igualdade efectiva entre mulleres e homes, recolle no seu artigo 14, como criterios xerais de actuación dos poderes públicos, o establecemento de medidas que aseguren a conciliación do traballo e da vida persoal e familiar das mulleres e dos homes así como o fomento de instrumentos de colaboración entre as distintas administracións públicas.

Terceiro.

O Concello de Culleredo ten dentro das súas prioridades de actuación no eido dos servizos sociais a atención á infancia e protección dos menores en risco de desamparo así como as políticas de conciliación familiar e laboral.

O Concello, a través da súa Área de Benestar Social, solicita o Programa de Centro de Día no Fogar Infantil Emilio Romay destinado a atención e coidado de menores de 0-12 anos en situación de risco ou vulnerabilidade social.

Cuarto.

A Deputación Provincial da Coruña, co CIF P-1500000C e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-1335 dispón, entre os seus recursos asistenciais, dun establecemento denominado Fogar Infantil Emilio Romay, sito na Avda. do Ferrocarril, nº 43 da Coruña, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de Centro con Fogares.

O Fogar Infantil Emilio Romay ten unha ampla experiencia na atención de día de nenas e nenos en situación de risco social ou desamparo e no traballo coas familias que o necesitan.

O centro está dividido en varias unidades de convivencia ou fogares que permite desenvolver as diversas actividades para o desenvolvemento persoal e integración social das/os menores.

Quinto.

Ambas as dúas partes establecen como obxectivos os seguintes:

O obxectivo xeral do Programa do Centro de Día para infancia é o apoio ao programa de traballo con familias dos servizos sociais municipais, para atender as necesidades de menores até 12 anos de idade, de cara a mellorar a súa integración social e apoiar o desenvolvemento da autonomía das familias no exercicio das súas funcións parentais.

Os obxectivos específicos con cada unha das nenas e nenos é o encargo que o Concello realiza ao Programa do Centro de Día, que serán explicitados coa solicitude de Alta, para definir o Proxecto Educativo Individual de cada nena/o e apoiar o Plan de Caso que desenvolvan os Servizos Sociais Comunitarios:

En relación ás nenas e nenos:

- Satisfacer as necesidades básicas das nenas e nenos (alimentación, hixiene, saúde), asumindo que para levar a cabo esta tarefa, a familia necesita o apoio doutras persoas (familia extensa, amizades, etc.) e institucións ( sanitarias, educativas e sociais).
- Prestar apoio nas tarefas escolares.
- Detectar necesidades específicas de apoio, valoración, diagnóstico de aspectos da saúde física ou psíquica.
- Realizar un seguemento continuado da situación das nenas e nenos, mediante a supervisión dos coidados que reciben nas súas familias e o contacto periódico coas súas nais e pais.
- Promover a adquisición de hábitos e o desenvolvemento de habilidades que faciliten a integración das nenas e nenos e melloren a súa relación co entorno social e comunitario.
- Impulsar o desenvolvemento físico, psíquico e social das nenas e nenos.
- Reforzar as actitudes, aptitudes e capacidades das nenas e nenos como medio de mellora nas súas relacións sociais e o rendemento académico.

En relación ás familias:

- Apoiar o programa de traballo con familias do Concello de Culleredo.
- Traballar coas nais e pais habilidades que favorezan un desenvolvemento físico, psíquico e social adecuado das súas fillas e fillos fomentando a súa autonomía, en coordinación co programa de traballo coas familias dos Servizos Sociais municipais.
- Detectar necesidades específicas de apoio das figuras parentais.

Ambas partes outorgan o presente convenio conforme as seguintes



## CLÁUSULAS

Primeira: O obxecto deste convenio é o apoio ao programa de traballo coas familias do Concello de Culleredo a través da atención de día a nenas e nenos menores de 12 anos no Fogar Infantil Emilio Romay, para mellorar a súa integración social e apoiar o desenvolvemento da autonomía das familias no exercicio das súas funcións parentais.

O Programa do Centro de Día diríxese con carácter xeral ás familias necesitadas de apoio que estean incluídas nos Servizos Sociais do Concello de Culleredo, con atención prioritaria a aquelas unidades de convivencia que se atopen en situación de vulnerabilidade, nas que haxa menores en situación de risco de desatención ou nas que se identifiquen outros factores de risco de exclusión social.

Segunda: Para a execución do convenio, o Concello de Culleredo solicita á Deputación Provincial da Coruña, a cal acepta, 4 prazas distribuídas nas diferentes unidades de convivencia:

- Unha para a atención de día de nenas e nenos con idade comprendida entre 0 e 3 anos.
- Outra para a atención de día de nenas e nenos de 3 a 12 anos.

Os nenos e nenas con necesidades especiais ocuparán unha ratio de dúas prazas no fogar onde estean adscritos.

A Deputación da Coruña poderá autoriza, de xeito excepcional e con carácter temporal, como máximo dous ingresos que superen as prazas concertadas a disposición do Concellos no Centro de Día, sempre que se garanta dispoñibilidade de medios personais e materiais para a axeitada atención da/o nena/o.

Terceira: No desenvolvemento do presente convenio as partes asumen os seguintes compromisos:

Por parte da Deputación Provincial da Coruña:

1. Ofrecer apoio ás familias que pola súa especial situación non dispoñen de recursos (persoais, materiais, etc.) suficientes para cubrir axeitadamente as necesidades das súas fillas e fillos, ofrecéndolles un espazo de convivencia, complementaria á familiar, onde vexan cubertas as súas necesidades, reforcen as súas habilidades (sociais, académicas, etc.) e melloren a súa integración social.

2. Os servizos de atención concrétese no seguinte:

- Aloxamento diurno en instalacións axeitadas.
- Atención durante todo o ano.
- Horario de atención do centro de día de 8 á 22 horas. Non obstante, o horario de permanencia no centro non deberá superar as oito horas diarias.
- Alimentación (acceso ao almorzo, comida, merenda e/ou cea en función do horario de estancia da nena ou neno), tendo en conta a idade e particularidades de cada unha/un (alerxias, intolerancias, etc).
- Atención socioeducativa: hixiene e educación nos hábitos de saúde, atención emocional, estimulación e desenvolvemento das capacidades físicas, psíquicas, cognitivas e sociais.

- Apoio e seguimento escolar.
- Animación planificada do tempo libre.
- Servizos de titorías: orientación psico-educativa.
- Apoio ás familias para a súa autonomía na crianza das fillas e fillos.

3. Ter subscrita unha póliza de seguros de responsabilidade civil e sinistros do edificio.

4. Facilitar, en calquera momento e a petición do Concello, información sobre a evolución da situación dos/as menores. Ademais se elaborará un proxecto socioeducativo nos primeiros 45 días, no que se recollan a avaliación da nena ou neno, obxectivos e propostas de actuación e un informe de seguimento semestral sobre o seu desenvolvemento persoal e integración social.

5. Gardar absoluta reserva sobre os expedientes das/os menores atendidos, non podendo facilitar nin revelar datos referidos aos/ás menores ou ás súas familias sen autorización.

Por parte do Concello de Culleredo, a través de Servizos Sociais:

1. Derivar o caso, enviando a ficha de derivación e proposta de traballo. Ademais deberá ter en conta as necesidades da/o menor e as características das prazas convidadas descritas na cláusula primeira.

Nalgún caso excepcional derivado de circunstancias sociofamiliares graves, o Concello de Culleredo poderá solicitar temporalmente a pernocta da/o menor.

2. Informar ao centro das variacións producidas no ámbito familiar do/a neno/a, e no plan de traballo acordado.

3. Manter reunións de seguimento de casos, polo menos con frecuencia trimestral.

Cuarta: A Deputación Provincial da Coruña percibirá do Concello de Culleredo con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación anual polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de 4.000 €, ao que se engadirá o incremento do IPC anual de 2018 para a provincia da Coruña.

A dita compensación será satisfeita semestralmente conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial da Coruña.

Quinta: A sinatura do convenio de colaboración non implicará, para o persoal que a Deputación Provincial da Coruña poña a disposición do programa, ningunha relación laboral, administrativa ou doutro tipo co Concello de Culleredo.

Sexta:

O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e no seu defecto pola Lei de Contratos do Sector Público.

Sétima:

As partes asinantes deste convenio garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Oitava:





DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



Número 120/2018

As cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes serán sometidas a unha comisión mixta de seguimento, composta por:

- O Presidente da Deputación Provincial da Coruña, que pode delegar na/o deputada/o de Benestar Social.
- O Alcalde do Concello, que poderá delegar na/o Concelleira/o de Servizos Sociais.
- Unha/un funcionaria/o da Deputación do Servizo de Acción Social.
- Unha/un funcionaria/o do Concello da área de Servizos Sociais

Novena: O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de decembro de 2018 e terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2018.

Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, por períodos anuais sucesivos, por un máximo de catro anos, co a aplicación do incremento do IPC para a provincia da Coruña.

Así mesmo, o Concello de Culleredo poderá solicitar a modificación do número de prazas reservadas.

Tanto a prórroga, como a modificación das prazas reservadas ao concello, serán resoltas polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, logo dos informes da Dirección do Fogar Infantil "Emilio Romay" e da Unidade Xestora.

Décima: Son causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas partes.
- O mutuo acordo das partes.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 39739 de data 16 de novembro de 2018

E en proba de conformidade asinan o presente convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DA CORUÑA,

Asdo. D. Valentín González Formoso

O ALCALDE/SA-PRESIDENTE/TA DO  
CONCELLO DE CULLEREDO,

Asdo. D. José Ramón Rioboo Castro

O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. D. José Luis Almu Supervía

